

**1. Identificación da programación**
**Centro educativo**

Código	Centro	Concello	Ano académico
15003224	Fernando Blanco	Cee	2023/2024

**Ciclo formativo**

Código da familia profesional	Familia profesional	Código do ciclo formativo	Ciclo formativo	Grao	Réxime
ADG	Administración e xestión	CMADG01	Xestión administrativa	Ciclos formativos de grao medio	Réxime xeral-ordinario

**Módulo profesional e unidades formativas de menor duración (\*)**

Código MP/UF	Nome	Curso	Sesións semanais	Horas anuais	Sesións anuais
MP0448	Operacións auxiliares de xestión de tesouraría	2023/2024	6	160	192

(\*) No caso de que o módulo profesional estea organizado en unidades formativas de menor duración

**Profesorado responsable**

Profesorado asignado ao módulo	ÁNGEL EDUARDO MARTÍNEZ ZAS
Outro profesorado	

Estado: Pendente de supervisión inspector



## 2. Concreción do currículo en relación coa súa adecuación ás características do ámbito produtivo

O perfil profesional do título de Técnico en Xestión Administrativa queda determinado pola súa competencia xeral, as súas competencias profesionais, persoais e sociais, e pola relación de cualificacións e, no seu caso, unidades de competencia do Catálogo Nacional de Cualificacións Profesionais incluídas no título.

O instituto de Educación Secundaria "Fernando Blanco" está situado no concello de Cee, na costa occidental galega, coñecida por "Costa da Morte", situada administrativamente na provincia de A Coruña, inmerso na bisbarra de Fisterra.

A área de influencia deste centro educativo abarca os concellos de Carnota, Cee, Corcubión, Dumbria, Fisterra e Muxía, e en menor grao, os de Mazaricos e Vimianzo.

Todos os concellos anteriores teñen acceso directo ó mar, agás Mazaricos, sendo Vimianzo e Dumbria os que contan con menor extensión costeira.

As características mais significativas do medio humano son:

- A poboación da bisbarra vive maioritariamente entre as aldeas que hai repartidas polo territorio que abrangue e as vilas.
- Os movementos migratorios produciron un descenso da taxa de natalidade e un descenso de crecemento demográfico, aínda que nos dous casos menos acentuado que no resto da Comunidade galega.
- A poboación é relativamente mais nova que a media provincial e que a media de Galicia. Por iso, se espera que nos próximos anos a poboación xuvenil desta zona presente trazos diferenciados respecto da media provincial e da nosa Comunidade, coa secuela de maiores necesidades escolares en canto a prazas escolares, vivendas para mozos con poucos recursos, postos de traballo, etc.
- A poboación tende ó equilibrio na súa distribución e, en principio, non parece que exista un centro de polaridade que atraía a referida poboación en detrimento do resto.

As características mais significativas do ámbito socioeconómico son:

- A actividade económica da zona está baseada sobre todo, no sector primario (sector cunha produtividade moi baixa e cun alto nivel de subemprego), importante número de ocupados na construción (actualmente á baixa) e tamén no sector servizos (actualmente en alza).
- A zona onde se atopa radicado o IES "Fernando Blanco" en Cee conta cun peso importante de actividade comercial e de servizos, que xustificaría sobradamente a impartición do Ciclo Medio de Xestión Administrativa e por ende, a inclusión dentro do seu currículo do módulo profesional: Operacións Auxiliares de Xestión da Tesouraría.

**3. Relación de unidades didácticas que a integran, que contribuirán ao desenvolvemento do módulo profesional, xunto coa secuencia e o tempo asignado para o desenvolvemento de cada unha**

U.D.	Título	Descrición	Duración (sesións)	Peso (%)
1	Capitalización simple.	Operacións básicas da C.simple.	20	10
2	Operacións de financiación bancaria. Operacións de activo.	Funcionalidades das operacións de activo.	15	8
3	Operacións de captación de recursos das entidades bancarias. Operacións de pasivo.	Funcionalidades das operacións de pasivo.	15	8
4	A capitalización composta.	Operacións básicas da C.composta.	26	13
5	Rendas e préstamos.	Cálculo das Rendas e elaboración de préstamos.	70	36
6	Xestión e control de tesouraría.	Funcionalidades básicas da xestión e control da tesouraría.	12	7
7	Presupostos de tesouraría.	A elaboración dos Presupostos de Tesouraría	14	7
8	O sistema financeiro Español.	As funcións do sistema financeiro Español.	4	2
9	Medios de cobramento e pagamento.	As funcións principais dos medios de cobramento e pagamento e o seu uso.	4	2
10	Servizos bancarios.	Funcionalidades das operacións de servizos bancarios.	3	2
11	A actividade aseguradora.	As funcións dos Seguros e a estrutura do negocio asegurador.	3	2
12	Aplicación de tarifas.	A elaboración e aplicación das tarifas.	3	2
13	A bolsa de comercio e as operacións bursátiles.	Funcións básicas da Bolsa e operacións bursátiles.	3	1

**4. Por cada unidade didáctica**
**4.1.a) Identificación da unidade didáctica**

N.º	Título da UD	Duración
1	Capitalización simple.	20

**4.1.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan**

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA3 - Efectúa cálculos financeiros básicos, para o que identifica e aplica as leis financeiras correspondentes.	NO

**4.1.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado**

Criterios de avaliación
CA3.1 Diferenciouse entre as leis financeiras de capitalización simple e de actualización simple.
CA3.2 Calculouse o xuro simple e composto de diversos instrumentos financeiros.
CA3.2.1 Calculouse o xuro simple de diversos instrumentos financeiros.
CA3.3 Calculouse o desconto simple de diversos instrumentos financeiros.
CA3.4 Descríbense as implicacións do tempo e do tipo de xuro neste tipo de operacións.
CA3.4.1 Descríbense as implicacións do tempo e do tipo de xuro na capitalización simple.
CA3.6 Diferenciáronse as características dos tipos de comisións dos produtos financeiros máis habituais na empresa.
CA3.7 Identificáronse os servizos básicos que ofrecen os intermediarios financeiros bancarios, e os documentos necesarios para a súa contratación.
CA3.7.1 Identificáronse os produtos de capitalización simple que ofrecen os intermediarios financeiros bancarios.

**4.1.e) Contidos**

Contidos
Capitalización simple e composta.
Capitalización simple.
Actualización simple.

Contidos
Comisións bancarias: identificación e cálculo.

**4.2.a) Identificación da unidade didáctica**

N.º	Título da UD	Duración
2	Operacións de financiación bancaria. Operacións de activo.	15

**4.2.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan**

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA4 - Efectúa as operacións bancarias básicas e interpreta a documentación asociada.	NO

**4.2.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado**

Criterios de avaliación
CA4.2 Calculouse o líquido dunha negociación de efectos.
CA4.7 Relacionáronse as operacións financeiras bancarias coa capitalización simple e composta, e o desconto simple.
CA4.9 Utilizáronse ferramentas informáticas específicas do sistema operativo bancario.
CA4.9.2 Utilizáronse ferramentas informáticas específicas para a realización de operacións de activo do sistema operativo bancario.

**4.2.e) Contidos**

Contidos
Operacións bancarias de capitalización simple e desconto simple.
Operacións bancarias de activo de capitalización simple e desconto simple.
Operacións bancarias de capitalización composta e desconto composto.

Contidos
<p>Operacións bancarias de activo capitalización composta .</p> <p>Documentación relacionada coas operacións bancarias.</p> <p>Documentación relacionada coas operacións bancarias de activo.</p> <p>Aplicacións informáticas de operativa bancaria.</p> <p>Aplicacións informáticas de operativa bancaria de activo.</p>

**4.3.a) Identificación da unidade didáctica**

N.º	Título da UD	Duración
3	Operacións de captación de recursos das entidades bancarias. Operacións de pasivo.	15

**4.3.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan**

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA4 - Efectúa as operacións bancarias básicas e interpreta a documentación asociada.	NO

**4.3.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado**

Criterios de avaliación
CA4.1 Liquidouse unha conta bancaria e unha de crédito polos métodos máis habituais.
CA4.9 Utilizáronse ferramentas informáticas específicas do sistema operativo bancario.
CA4.9.1 Utilizáronse ferramentas informáticas específicas para a realización de operacións de pasivo do sistema operativo bancario.

**4.3.e) Contidos**

Contidos
Operacións bancarias de capitalización simple e desconto simple.

Contidos
<p>Operacións bancarias de pasivo de capitalización simple e desconto simple.</p> <p>Operacións bancarias de capitalización composta e desconto composto.</p> <p>Operacións bancarias de pasivo capitalización composta .</p> <p>Documentación relacionada coas operacións bancarias.</p> <p>Documentación relacionada coas operacións bancarias de pasivo.</p> <p>Aplicacións informáticas de operativa bancaria.</p> <p>Aplicacións informáticas de operativa bancaria de pasivo.</p>

**4.4.a) Identificación da unidade didáctica**

N.º	Título da UD	Duración
4	A capitalización composta.	26

**4.4.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan**

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA3 - Efectúa cálculos financeiros básicos, para o que identifica e aplica as leis financeiras correspondentes.	NO

**4.4.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado**

Criterios de avaliación
CA3.2 Calculouse o xuro simple e composto de diversos instrumentos financeiros.
CA3.2.2 Calculouse o xuro composto de diversos instrumentos financeiros.
CA3.4 Descríbense as implicacións do tempo e do tipo de xuro neste tipo de operacións.
CA3.4.2 Descríbense as implicacións do tempo e do tipo de xuro na capitalización composta.

Criterios de avaliación
CA3.5 Diferenciáronse os conceptos do tanto nominal e xuro efectivo ou taxa anual equivalente.
CA3.7 Identificáronse os servizos básicos que ofrecen os intermediarios financeiros bancarios, e os documentos necesarios para a súa contratación.
CA3.7.2 Identificáronse os produtos de capitalización composta que ofrecen os intermediarios financeiros bancarios.

#### 4.4.e) Contidos

Contidos
Capitalización simple e composta.  Capitalización composta.
Tipo de xuro efectivo ou taxa anual equivalente. Tantos por cento equivalentes.

#### 4.5.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
5	Rendas e préstamos.	70

#### 4.5.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA4 - Efectúa as operacións bancarias básicas e interpreta a documentación asociada.	NO

#### 4.5.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación
CA4.3 Diferenciáronse as variables que interveñen nas operacións de préstamos.
CA4.4 Relacionáronse os conceptos integrantes da cota do préstamo.



Criterios de avaliación
CA4.5 Descríbense as características do sistema de amortización de préstamos polos métodos máis habituais.
CA4.6 Calculouse o cadro de amortización de préstamos sinxelos polos métodos máis habituais.

**4.5.e) Contidos**

Contidos
Operacións bancarias de capitalización composta e desconto composto.  <i>Operacións bancarias de capitalización composta aplicadas as rendas e os préstamos.</i>
Documentación relacionada coas operacións bancarias.  <i>Documentación relacionada coas operacións bancarias de préstamos.</i>

**4.6.a) Identificación da unidade didáctica**

N.º	Título da UD	Duración
6	Xestión e control de tesouraría.	12

**4.6.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan**

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA1 - Aplica métodos de control de tesouraría e describe as súas fases.	NO

**4.6.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado**

Criterios de avaliación
CA1.1 Descríbiuse a función e os métodos do control da tesouraría na empresa.
<i>CA1.1.1 Descríbiuse a función e os métodos do control da tesouraría na empresa en canto aos libros e rexistros na empresa.</i>

Criterios de avaliación
CA1.1.2 Describiuse a función e os métodos do control da tesouraría na empresa en canto a xestión das contas bancarias.
CA1.1.3 Describiuse a función e os métodos do control da tesouraría na empresa en relación a xestión dos efectos de xiro.
CA1.2 Diferenciáronse os fluxos de entrada e saída de tesouraría (cobramentos e pagamentos) e a documentación relacionada con eles.
CA1.2.2 Reflexáronse os movementos de tesorería.
CA1.2.2.1 Reflexáronse os movementos de tesorería no referente aos libros e rexistros da empresa.
CA1.2.2.2 Reflexáronse os movementos de tesorería no referente as contas bancarias.
CA1.2.2.3 Reflexáronse os movementos de tesorería no referente aos efectos de xiro.
CA1.3 Formalizáronse os libros e os rexistros de tesouraría.
CA1.4 Executáronse as operacións do proceso de arqueamento e cadramento da caixa, e detectáronse as desviacións.
CA1.5 Cotexouse a información dos extractos bancarios co libro de rexistro do banco.
CA1.8 Utilizáronse medios telemáticos, de administración electrónica e outros substitutivos da presentación física dos documentos.
CA1.8.2 Utilizaronse medios telemáticos para o control da tesorería.

#### 4.6.e) Contidos

Contidos
Métodos do control de xestión de tesouraría: finalidade e características.
Libros de rexistros de tesouraría: caixa, bancos, contas da clientela e provedores, e efectos para pagar e para cobrar.
Libros de rexistros de tesouraría: caixa.
Libros de rexistros de tesouraría: bancos,.
Libros de rexistros de tesouraría: contas da clientela e provedores, e efectos para pagar e para cobrar.

Contidos
Control de caixa e banco: arqueamentos e cadramentos de caixa, e conciliación bancaria.

**4.7.a) Identificación da unidade didáctica**

N.º	Título da UD	Duración
7	Presupostos de tesouraría.	14

**4.7.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan**

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA1 - Aplica métodos de control de tesouraría e describe as súas fases.	NO

**4.7.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado**

Criterios de avaliación
CA1.6 Descríbense as utilidades dun calendario de vencementos en termos de previsión financeira.
CA1.7 Relacionouse o servizo de tesouraría e o resto de departamentos, empresas e entidades externas.
CA1.8 Utilizáronse medios telemáticos, de administración electrónica e outros substitutivos da presentación física dos documentos.
CA1.8.3 Utilizaronse medios telemáticos para a realización do presuposto de tesorería.
CA1.9 Efectuáronse os procedementos de acordo cos principios de responsabilidade, seguridade e confidencialidade da información.

**4.7.e) Contidos**

Contidos
Aplicacións informáticas de xestión de tesouraría.

**4.8.a) Identificación da unidade didáctica**

N.º	Título da UD	Duración
8	O sistema financeiro Español.	4

**4.8.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan**

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA2 - Realiza os trámites de contratación, renovación e cancelación correspondentes a instrumentos financeiros básicos de financiamento, investimento e servizos desta índole que se utilizan na empresa, e describiuse a finalidade de cada un.	NO

**4.8.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado**

Criterios de avaliación
CA2.1 Clasifícanse as organizacións, as entidades e os tipos de empresas que operan no sistema financeiro español.
CA2.2 Precísáronse as institucións de crédito e as financeiras bancarias e non bancarias, e describíronse as súas principais características.
CA2.3 Diferenciáronse os mercados dentro do sistema financeiro español en relación cos produtos financeiros que se empregan habitualmente na empresa.
CA2.4 Relacionáronse as funcións principais de cada intermediario financeiro.
CA2.5 Diferenciáronse os principais instrumentos financeiros bancarios e non bancarios, e describíronse as súas características.
CA2.7 Identificáronse os servizos básicos que nos ofrecen os intermediarios financeiros bancarios e os documentos necesarios para a súa contratación.
CA2.8 Calculouse a rendibilidade e o custo financeiro dalgúns instrumentos financeiros de investimento.
CA2.9 Operouse con medios telemáticos de banca en liña e afíns.
CA2.10 Formalizáronse documentos relacionados coa contratación, a renovación e a cancelación de produtos financeiros habituais na empresa.

**4.8.e) Contidos**

Contidos
Institucións financeiras bancarias: Banco Central Europeo, Banco de España, banca privada e caixas de aforros. Mercados financeiros. Instrumentos financeiros bancarios e de financiamento, investimento e servizos: contas correntes e de crédito, préstamo, desconto comercial, carteira de valores, imposicións a prazo, transferencias, domiciliacións, xestión de cobramentos e pagamentos e ba Instrumentos financeiros non bancarios de financiamento, investimento e servizos: leasing, renting e factoring. <b>Instrumentos de leasing, renting e factoring.</b> Outros instrumentos de financiamento. Subvencións, provedores e avais. Rendibilidade do investimento. Custo do financiamento.

**4.9.a) Identificación da unidade didáctica**

N.º	Título da UD	Duración
9	Medios de cobramento e pagamento.	4

**4.9.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan**

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA1 - Aplica métodos de control de tesouraría e describe as súas fases.	NO

**4.9.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado**

Criterios de avaliación
CA1.2 Diferenciáronse os fluxos de entrada e saída de tesouraría (cobramentos e pagamentos) e a documentación relacionada con eles.

Criterios de avaliación
CA1.2.1 Identifícaronse os distintos medios de cobramento e pagamento.
CA1.8 Utilizáronse medios telemáticos, de administración electrónica e outros substitutivos da presentación física dos documentos.
CA1.8.1 Utilizáronse medios telemáticos para a xestión de fluxos de tesorería.
CA1.8.1.1 Utilizáronse medios telemáticos para a xestión de fluxos de tesorería relacionadas coas letras, pagarés e cheques
CA1.8.1.2 Utilizáronse medios telemáticos para a xestión de fluxos de tesorería noutros medios de pago
0CA1.10 Identifícaronse as formas de pago anticipado, ao contado e pago aprazado.

#### 4.9.e) Contidos

Contidos
<p>Documentos e medios de cobramento e pagamento da empresa.</p> <p>Documentos e medios de cobramento e pagamento da empresa relacionadas coas letras de cambio, pagarés, recibos e cheques</p> <p>Documentos e medios de cobramento e pagamento da empresa relacionados con outros medios de pago.</p> <p>Documentos e medios de cobramento e pagamento da empresa relacionados coas formas e condicións de cobramento e pagamento.</p> <p>Identificación dos xeitos de cobramento-pagamento: pago anticipado, ao contado e pago aprazado.</p> <p>Utilización de medios telemáticos para a xestión de fluxos de tesorería relacionados coas letras de cambio, pagarés, cheques</p> <p>Utilización de medios telemáticos para a xestión de fluxos de tesorería relacionados con outros medios de pago.</p>

#### 4.10.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
10	Servizos bancarios.	3

**4.10.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan**

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA4 - Efectúa as operacións bancarias básicas e interpreta a documentación asociada.	NO

**4.10.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado**

Criterios de avaliación
CA4.9 Utilizáronse ferramentas informáticas específicas do sistema operativo bancario.
CA4.9.3 Utilizáronse ferramentas informáticas específicas para a prestación de servizos do sistema operativo bancario.

**4.10.e) Contidos**

Contidos
Documentación relacionada coas operacións bancarias.  Documentación relacionada cos servizos bancarios.
Aplicacións informáticas de operativa bancaria.  Aplicacións informáticas de operativa bancaria de prestación de servizos.
Servizos bancarios en liña máis habituais.

**4.11.a) Identificación da unidade didáctica**

N.º	Título da UD	Duración
11	A actividade aseguradora.	3

**4.11.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan**

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA2 - Realiza os trámites de contratación, renovación e cancelación correspondentes a instrumentos financeiros básicos de financiamento, investimento e servizos desta índole que se utilizan na empresa, e describiuse a finalidade de cada un.	NO

**4.11.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado**

Criterios de avaliación
CA2.6 Clasifícanse os tipos de seguros da empresa e os elementos que conforman un contrato de seguro.
CA2.6.1 Clasifícanse os distintos tipos de seguros de empresa.

**4.11.e) Contidos**

Contidos
Institucións financeiras non bancarias: entidades aseguradoras.  As actividades das entidades aseguradoras.
Instrumentos financeiros non bancarios de financiamento, investimento e servizos: leasing, renting e factoring.  Instrumentos financeiros non bancarios do sector asegurador.

**4.12.a) Identificación da unidade didáctica**

N.º	Título da UD	Duración
12	Aplicación de tarifas.	3

**4.12.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan**

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA2 - Realiza os trámites de contratación, renovación e cancelación correspondentes a instrumentos financeiros básicos de financiamento, investimento e servizos desta índole que se utilizan na empresa, e describiuse a finalidade de cada un.	NO

**4.12.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado**

Criterios de avaliación
CA2.6 Clasifícanse os tipos de seguros da empresa e os elementos que conforman un contrato de seguro.



**Criterios de avaliación**

CA2.6.2 Definíronse os distintos elementos dos seguros de empresa.

**4.12.e) Contidos**
**Contidos**

Institucións financeiras non bancarias: entidades aseguradoras.

As tarifas das entidades aseguradoras.

**4.13.a) Identificación da unidade didáctica**

N.º	Título da UD	Duración
13	A bolsa de comercio e as operacións bursátiles.	3

**4.13.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan**

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA4 - Efectúa as operacións bancarias básicas e interpreta a documentación asociada.	NO

**4.13.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado**
**Criterios de avaliación**

CA4.8 Comparáronse produtos financeiros baixo as variables de custo e rendibilidade.

**4.13.e) Contidos**
**Contidos**

Operacións bancarias de capitalización composta e desconto composto.

**Contidos**

Operacións bancarias de capitalización composta aplicadas os mercados financeiros.

Documentación relacionada coas operacións bancarias.

Documentación relacionada cos mercados financeiros.

**5. Mínimos exixibles para alcanzar a avaliación positiva e os criterios de cualificación**

Os contidos mínimos esixibles para acadar positivamente a avaliación son os que figuran en cada unha das unidades didácticas da programación.

**CONTIDOS MINIMOS:**

- Métodos do control de xestión de tesouraría. Finalidade. Características.( Describiuse a función e os métodos do control da tesouraría na empresa, Describíronse as utilidades dun calendario de vencementos en termos de previsión financeira, Relacionouse o servizo de tesouraría e o resto dos departamentos, empresas e entidades externas)
- Documentos e medios de cobramento e pagamento da empresa. (Diferenciáronse os fluxos de entrada e saída de tesouraría, cobramentos e pagamentos, e a documentación relacionada con eles.)
- Libros de rexistros de tesouraría. (Formalizáronse os libros e os rexistros de tesouraría)
- Control de Caixa e banco. (Executáronse as operacións do proceso de arqueo e cadramento da caixa, e detectáronse as desviacións. Cotexouse a información dos extractos bancarios co libro de rexistro do banco)
- Aplicacións informáticas de xestión de tesouraría. (Utilizáronse medios telemáticos de administración electrónica e outros substitutivos da presentación física dos documentos, Efectuáronse os procedementos de acordo cos principios de responsabilidade, seguridade e confidencialidade da información.)
- Institucións financeiras bancarias e non bancarias. (Clasificáronse as organizacións , as entidades e os tipos de empresas que operan no Sistema Financeiro Español. Precisáronse as institucións de crédito e as financeiras bancarias e non bancarias, e describíronse as súas principais características.)
- Mercados financeiros. (Diferenciáronse os mercados dentro do sistema financeiro español en relación cos produtos financeiros que se empregan habitualmente na empresa. Relacionáronse as funcións principais de cada intermediario financeiro)
- Instrumentos financeiros bancarios de financiamento, investimento e servizos. (Diferenciáronse os principais instrumentos financeiros bancarios e non bancarios,e describíronse as súas características)
- Instrumentos financeiros non bancarios de financiamento, investimento e servizos. (Diferenciáronse os principais instrumentos financeiros bancarios e non bancarios, e describíronse as súas características)
- Seguros. (Clasificáronse os tipos de seguros da empresa e os elementos que conforman un contrato de seguro, identificáronse os servizos básicos que nos ofrecen os intermediarios financeiros bancarios e os documentos necesarios para a súa contratación)
- Outros instrumentos de financiamento. (Calculouse a rendabilidade e o custo financeiro dalgúns instrumentos financeiros de investimento)
- Subvencións, provedores e avais. (Operouse con medios telemáticos de banca en liña e afíns)



- Rendabilidade do investimento. (Calculouse a rendabilidade e o custo financeiro dalgúns instrumentos financeiros de investimento, operouse con medios telemáticos de banca en liña e afíns)
- Custo de financiamento. (Calculouse a rendabilidade e o custo financeiro dalgúns instrumentos financeiros de investimento, operouse con medios telemáticos de banca en liña e afíns)
- Capitalización simple e composta. (Diferenciouse entre as leis financeiras de capitalización simple e de actualización simple, Calculouse o xuro simple e composto de diversos instrumentos financeiros, describíronse as implicacións do tempo e do tipo de xuro neste tipo de operacións. Diferenciáronse os conceptos de tanto nominal e xuro efectivo ou taxa anual equivalente.)
- Actualización simple. (Calculouse o desconto simple de diversos instrumentos financeiros )
- Equivalencia financeira. (Diferenciouse entre as leis financeiras de capitalización simple e de actualización simple)
- Tipo de interese efectivo ou taxa anual equivalente. Tantos por centos equivalentes. (Diferenciáronse os conceptos do tanto nominal e xuro efectivo ou taxa anual equivalente)
- Comisións bancarias. Identificación e cálculo. (Diferenciáronse as características dos tipos de comisións dos produtos financeiros máis habituais na empresa)
- Operacións bancarias de capitalización e desconto simple. (Liquidouse unha conta bancaria e unha de crédito polos métodos máis habituais, calculouse o líquido dunha negociación de efectos)
- Operacións bancarias de capitalización composta e desconto composto. (Calculouse o líquido dunha negociación de efectos, diferenciáronse as variables que interveñen nas operacións de préstamos, relacionáronse os conceptos integrantes da cota do préstamo, describíronse as características do sistema de amortización de préstamos polos métodos máis habituais, calculouse o cadro de amortización de préstamos sinxelos polos métodos máis habituais)
- Documentación relacionada coas operacións bancarias. (Relacionáronse as operacións financeiras bancarias coa capitalización simple e composta, e o desconto simple)
- Aplicacións informáticas de operativa bancaria. (Utilizáronse ferramentas informáticas específicas do sistema operativo bancario)
- Servizos bancarios on-line mais habituais. (Utilizáronse ferramentas informáticas específicas do sistema operativo bancario)
- A bolsa de comercio e as operacións bursátiles. (comparáronse produtos financeiros baixo as variables de custo e rendabilidade, Utilizáronse ferramentas informáticas específicas do sistema operativo bancario).

A nota de cada avaliación obterase a través de:

A avaliación realizarase a través de probas escritas, haberá un mínimo de 2 probas escritas por avaliación. Estas poden ser exames ou tarefas.

- No caso de avaliacións nas que se realicen tarefas:

- En cada avaliación trimestral o-a alumno-a realizará unha proba obxectiva ou varias (a criterio do-a profesor-a) de carácter teórico e práctico ou de carácter práctico que suporá un 80% da nota. O sistema de cualificación será numérico entre 1 e 10, expresado con números enteiros.

- As actividades, tarefas e traballos suporán un 20% da nota. A nota desta parte será o resultado de calcular a media aritmética da cualificación obtida en cada unha das tarefas, tendo en conta que a entrega fóra do prazo establecido polo docente ou a non entrega, sen a debida xustificación, suporá una nota de cero puntos. A sospeita fundada de copia implica a consideración de non entregado e terá o mesmo tratamento que o exposto anteriormente.

- No caso de avaliacións nas que non se realicen tarefas realizarase un mínimo de dúas probas obxectivas de carácter teórico e práctico ou de carácter práctico que suporá un 100% da nota, facéndose a media

aritmética entre todas elas.

O sistema de cualificación da avaliación será numérico entre 1 e 10, expresado con números enteiros. A nota redondearase segundo as regras matemáticas correntes para o seu rexistro no XADE (agás cando a nota estea entre 4,01 e 4,99 que dará unha nota de 4).

Cando se organicen actividades por parte do Centro que teñan relación coa materia pódense avaliar constituíndo un 10% da nota da avaliación (substituíndo nesta porcentaxe aos outros instrumentos de avaliación. O 80% do exame e o 20% das tarefas constituirían o 90% da nota).

NOTA FINAL:

1.-As avaliacións non superadas poderán ser recuperadas na proba obxectiva final. Nesta proba só é necesario recuperar as partes non superadas durante o curso.

2.-A nota final será a media das notas trimestrais utilizando as notas de cada avaliación sen redondear. A nota final redondearase segundo as regras matemáticas correntes para o seu rexistro no XADE (agás cando a nota estea entre 4,01 e 4,99 que dará unha nota de 4)

A sospeita fundada de copia en calquera das probas escritas implica aun cero na devandita proba.

## **6. Procedemento para a recuperación das partes non superadas**

### **6.a) Procedemento para definir as actividades de recuperación**

A avaliación presenta unha importancia moi destacable debido á influencia que pode exercer sobre os elementos do currículo (os obxectivos, os contidos e a metodoloxía). Unha xestión axeitada e coherente do proceso de avaliación ha influir positivamente na mellora dos procesos didácticos, achegando información sobre a adaptación das actividades de ensino e aprendizaxe ás necesidades do alumnado, sobre a validez da metodoloxía empregada, sobre as solucións organizativas adoptadas, e sobre a mellora do proceso educativo en xeral.

A avaliación supón unha tarefa de reflexión que comprende todas as partes implicadas nela (profesorado e alumnado), e debe constituir un punto de inflexión a través do que se poidan valorar os logros acadados e os erros cometidos, co fin de mellorar o proceso de ensino e aprendizaxe na súa totalidade.

O alumnado que non supere os obxectivos e os contidos mínimos, será informado dos erros cometidos e sometido a un plan de recuperación co apoio e a orientación do profesor. Despois faráselle unha proba semellante á realizada na avaliación xeral de todos os alumnos, valorando o esforzo realizado e a actitude amosada durante o curso.

- Recuperación Ordinaria: As probas de recuperación levaranse a cabo con aqueles alumnos/as que non houberen alcanzado os mínimos de avaliación esixidos. Esta recuperación farase por medio de probas escritas, e/ou a presentación de traballos sobre os contidos da materia. En todo caso, os alumnos que teñan o módulo pendente terán dereito a unha proba de recuperación final que se celebrará no mes de xuño. Esta proba considerarase superada cando o alumno obteña unha puntuación igual ou superior a 5 e terá que facer unha recuperación por avaliación pendente.

- Avaliación de alumnado pendentes : Os alumnos de 2º curso que teñan pendente o módulo serán avaliados coincidindo coa 2ª sesión de avaliación parcial de módulos de 2º a celebrar no mes de marzo/abril. Esta proba considerarase superada cando o-a alumno-a obteña unha puntuación igual ou superior a 5. En caso de non acadar unha avaliación positiva as-os alumnas-os poderán recuperar os módulos pendentes durante o período ordinario de realización da FCT (marzo-xuño) e serán avaliados na avaliación final de módulos de 2º curso no mes de xuño. Esta proba considerarase superada cando a-o alumna-o obteña unha puntuación igual ou superior a 5.

#### **6.b) Procedemento para definir a proba de avaliación extraordinaria para o alumnado con perda de dereito a avaliación continua**

O alumnado que perdese o dereito á avaliación continua nun determinado módulo terá dereito a unha única proba final extraordinaria previa á avaliación final de módulos correspondente, de acordo co establecido no artigo 25.5 da Orde do 12 de xullo de 2011.

A avaliación do módulo considerarase superada cando o alumnado obteña unha cualificación igual ou superior a 5.

#### **7. Procedemento sobre o seguimento da programación e a avaliación da propia práctica docente**

A avaliación é unha compoñente básica no proceso de ensino-aprendizaxe. A avaliación ha de ser coherente coas características do Ciclo Formativo, cos obxectivos formulados e coa metodoloxía utilizada.

A avaliación ha de ser formativa e ha de servir para fomentar a reflexión e para orientar e analizar o proceso educativo; por iso, a avaliación terá que ser:

- Continua, para observar o proceso de aprendizaxe.
- Integral, para considerar tanto a adquisición de novos conceptos, como de procedementos, actitudes, capacidades de relación e comunicación e de desenvolvemento autónomo de cada estudante.
- Individualizada, para que se axuste ás características do proceso de aprendizaxe de cada alumno e non dos alumnos en xeral.
- Orientadora, porque debe ofrecer información permanente sobre a evolución do alumno con respecto ó proceso de ensino-aprendizaxe.

A avaliación do currículo programado pretende como obxectivo principal a corrección das desviacións que poideran producir no proceso de ensino-aprendizaxe; desde este punto de vista, cando se avalíe hanse de ter en conta:

- A adecuación dos obxectivos ás características de cada grupo.
- A idoneidade dos procedementos utilizados.
- A marcha das actividades programadas.

O seguimento da programación é un dos puntos que se deberán tratar sempre que se faga unha reunión do departamento.

No departamento de Administración e Xestión consideramos que un dos xeitos para avaliar a propia programación sería a través do cumprimento dos obxectivos programados para cada módulo. O feito de non acadar o cumprimento dos devanditos obxectivos daría lugar á revisión da metodoloxía utilizada, secuenciación de contidos, adecuación dos criterios de avaliación, e se son axeitadas ou non as medidas adoptadas para a atención ó alumnado con necesidades específicas de apoio educativo.

## 8. Medidas de atención á diversidade

### 8.a) Procedemento para a realización da avaliación inicial

**AVALIACIÓN INICIAL:** realizarase ó inicio do proceso, co fin de contribuir á maior adaptación posible da organización e da programación deste. A reunión da avaliación inicial será realizada según os criterios establecidos pola Xefatura de Estudos en cada curso académico. O profesorado, de xeito individual, fará unha previa avaliación inicial, que será posta en valor con posterioridade de xeito colexiado e presidida pola Xefa de Estudos. Nesta reunión determinaranse as características do grupo analizado e as medidas de reforzo a levar a cabo.

### 8.b) Medidas de reforzo educativo para o alumnado que non responda globalmente aos obxectivos programados

Á hora de levar a cabo a programación didáctica na aula, o profesorado dos distintos módulos poderémonos atopar con alumnado de perfís académicos ben distintos:

- Alumnado con alta capacidade para asimilar os coñecementos e, a súa vez, interese pola materia impartida.
- Alumnado con dificultade de asimilación dos coñecementos e, a súa vez, interese pola materia.

- Alumnado con capacidade para asimilar e pouco interese.
- Alumnado con dificultades de aprendizaxe e pouco interese académico.
- Alumnado con dificultade para o entendemento do idioma.

O mellor xeito de atender á diversidade e de prever problemas de aprendizaxe é elaborar programacións que sexan sensibles ás diferenzas e que favorezan á individualización do ensino.

Como medidas de apoio a levar a cabo ante alumnos/as que presentan necesidades especiais, poderíamos citar:

- Potenciar a atención individualizada, sempre que sexa posible.
- Uso de metodoloxías flexibles á hora de levar a cabo a explicación na aula.
- Ritmos de traballo distintos en canto á resolución de actividades na aula.
- Utilización de materiais didácticos non homoxéneos (diferentes graos de complexidade).

## 9. Aspectos transversais

### 9.a) Programación da educación en valores

O alumnado, á marxe dos contidos académicos, deberá recibir e asimilar por parte do profesorado unha serie de valores, tales como:

- O respecto de cara ó profesorado, así como ós seus compañeiros.
- Especial fincapé na cultura do esforzo.
- Actitude positiva no proceso de aprendizaxe.
- Iniciativa e procesos emprendedores de cara á aplicación do aprendido.

### 9.b) Actividades complementarias e extraescolares

Faranse as actividades complementarias e extraescolares que se acorden no departamento.